# Preposicións

1 As **preposicións** son palabras invariables que relacionan entre si outras palabras ou frases.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a | con | durante | mediante | salvo |
| agás | conforme | en | menos | segundo |
| ante | contra | entre | onda | sen |
| ata | de | excepto | para | sobre |
| baixo | deica | fóra | perante | tras |
| canda | desde | malia | por | xunta |

As **locucións prepositivas** son grupos de dúas ou máis palabras que forman un conxunto inseparable e que desempeñan a mesma función cás preposicións.

Entre as máis usuais están as seguintes:

| | | | |
|---|---|---|---|
| á beira de | aquén de | derriba de | ao par de |
| a carón de | arredor de | despois de | ao pé de |
| a causa de | arriba de | detrás de | pese a |
| a diferenza de | atrás de | diante de | ao redor de |
| a forza de | baixo de | en canto a | por ante |
| a par de | bardante de | en favor de | por causa de |
| á parte de | beira de | en fronte a | por cousa de |
| a pesar de | cabo de | en lugar de | por culpa de |
| a poder de | canto a | en medio de | por medio de |
| a prol de | cara a | en par de | por mor de |
| a rente(s) de | cas de | en prol de | preto de |
| a respecto de | cerca de | en troques de | respecto a |
| a resultas de | co gallo de | en vez de | respecto de |
| a través de | con respecto a | encima de | riba de |
| abaixo de | contra de | encol de | sobre de |
| acerca de | de non ser | enriba de | tocante a |
| ademais de | de par de | fóra de | tras de |
| alén de | debaixo de | fronte a | verbo de |
| amais de | dentro de | lonxe de | xunto a |
| antes de | derredor de | no canto de | xunto de |

**2** As **conxuncións** son palabras invariables que relacionan entre si outras palabras, frases ou oracións.

Algunhas conxuncións de uso frecuente son estas:

*E, nin, ou; mais, pero, porén, senón; porque; que; se…*

As **locucións conxuntivas** son grupos de dúas ou máis palabras que forman un conxunto inseparable e que desempeñan a mesma función cás conxuncións.

Estes son algúns exemplos:

*Non obstante; a fin de que, para que; a causa de, dado que, xa que; con tal de que, sempre que; a pesar de que, aínda que; unha vez que; xa que logo…*